

### ACTIVIDADES

- TRC Danza 2019. Teatro Rosalía de Castro
- Festival 981 United. Sala O Túnel (Coliseum)
- Axenda de concertos semanal na Coruña

### BOLSAS

- Campus Científicos de Verán. Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía
- Campus Científicos de Verán: High-School Students Internships Programme. Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía

### CURSOS

- Obradoiro de xilografía japonesa (Mokuhanga). Museo de Belas Artes da Coruña
- Jams abertas de movemento. Normal da UDC

### CONCURSOS

- XIV Premio "Castelao" de Banda Deseñada. Deputación da Coruña

### VARIOS

- Probas para a obtención dos certificados Celga, 2019. S.X. de Política Lingüística
- Coworking "Emprendemento musical". Fundación Paideia

## ACTIVIDADES

### TRC Danza 2019

O Teatro Rosalía de Castro presenta a edición 2019 do ciclo TRC Danza, 14 espectáculos de danza entre os que haberá performance, contemporánea, danza experimental, danza inclusiva e neoclásica

CANDO: do 01/03/2019 ao 21/12/2019

- 1 de marzo: [ALMA NON É HIPPIE](#), de Verticalia e Pista Catro. Danza Performance. Tarifa: B
- 16 de marzo: [PLASTIC](#), de Paula Quintas. Danza contemporánea. Tarifa: B
- 31 de marzo: [PERFORMERS](#), de Cía Auguste-Bienvenue Danza (Burkina Faso). Danza contemporánea. Tarifa: E
- 27 de abril: [A GALA](#), de Licenciada Sotelo. Danza contemporánea. Tarifa: B
- 11 de maio: [MERCEDES MÁIS EU](#), de Janet Novás e Mercedes Peón. Danza contemporánea / experimental. Tarifa: E
- 16 de maio: [ENTRESOÑOS](#), de Compañía de Fran Sieira. Tarifa: B
- 14 de setembro: [OASIS PARAISO](#), de Residencias Paraiso ("Illas desertas" da Compañía ArtesaCía, "Sobre ou concepto" de Marco Antonio Regueiro, e "Metodoloxías carroñeras para corpos investidos" de Gena Baamonde). Tarifa: B
- 5 de outubro: [HAPPY ISLAND](#), da Ribot + Dançando com Diferença. Danza contemporánea - inclusiva. Tarifa: E
- 25 de outubro: [DANCING WITH FROGS](#), de Sol Picou Cía de Danza. Danza contemporánea. Tarifa: A
- 31 de outubro: [LOS LIMONES, LA NIEVE Y TODO LO DEMÁS](#), de Matarile Teatro. Tarifa: B
- 15 de novembro: [CARMEN.MAQUIA](#), de Titoyaya Dansa. Danza Neoclásica. Tarifa: A
- 30 de novembro: [LIKES](#), de Núria Guiu Sagarra. Danza contemporánea. Tarifa: B
- 5 de decembro: [SUDDENLY III](#), de Osa + Mujika. Danza contemporánea. Tarifa: B
- 21 de decembro: [THE LAMB](#), de Kor'sia. Danza contemporánea. Tarifa: A

HORARIO: todas as funcións son ás 20.30 h.

LUGAR: **Teatro Rosalía de Castro**

PREZO: **Tarifa A:** 12€ - **Tarifa B:** 8€ - **Tarifa E:** 10€

- **Descontos:**

- Carné xove, + 65 anos, desempregados: -20%
- Familias numerosas: -25%
- Bonos TRC Danza: desconto progresivo, por cada 4 entradas 1 é gratuita

- **Venda de entradas:**

- **Praza de Ourense:** de luns a venres de 9.30 a 13 e de 16.30 a 19.30 h
- **Teatro Rosalía:** só os días de función, de 16 a 20 h
- **Televenta:** 902 044 226 e [www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)

WEB: [www.coruna.gal/cultura](http://www.coruna.gal/cultura)



### Festival 981 United

VIII Edición do Festival 981 United na Sala O Túnel (Coliseum)

CANDO: 6 e 7 de abril

- sábado 6 de abril: - Trallery – Bellako - Black Panda - Kids of Rage – Ruthless - Wasted Wiltons
- domingo 7 de abril: - Stick to your guns – Nasty - Get the shot - Morgen

HORARIO: 19.00 h.

LUGAR: **Sala O Túnel** (Coliseum)

PREZO: 25 €

\*venda de entradas en [www.ticketea.com](http://www.ticketea.com)  
ou [www.981united.com](http://www.981united.com)

**MÁIS INFORMACIÓN:**

[www.facebook.com/981united](http://www.facebook.com/981united)

Web: [www.981united.com](http://www.981united.com)



## ACTIVIDADES

### Axenda de concertos na Coruña

Programación de concertos desta semana nas salas de concertos e outros espazos da cidade

**Pazo da Ópera.** Glorieta América s/n (15004 - A Coruña)

[www.palaciodelaopera.com](http://www.palaciodelaopera.com)

venres 29 ás 20.30 h.: **ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**. Entradas: de 11€ a 27,50€

**Sala Mardi Gras.** Travesía da Torre, 8 (15002-A Coruña)

[www.facebook.com/salamardigras](http://www.facebook.com/salamardigras)

xoves 28 a las 21:45 h: **FITO MANSILLA**. Entrada: 8€

venres 29 a las 22:30 h: **LA BANDA DEL CAMIÓN**. Entrada: 5€/8€

sábado 30 a la 13:00 h: **EXIT**. Entrada: gratis

sábado 30 a las 22.30 h: **LOS VINAGRES**. Entrada: 8€

**Bábá Bar.** R/ Pérez Cepeda, 23 (15004 - A Coruña)

[www.facebook.com/baba.bar.7](http://www.facebook.com/baba.bar.7)

xoves 28 ás 21.30 h.: **LA REGADERA (CUAC FM radio en directo)**. Entrada: 5€

venres 29 ás 22:00 h.: **IZAH**. Entrada: 5€/8€

**Sala Garufa Club.** R/ Riazor, 5 (15004-A Coruña)

[www.facebook.com/SalaGarufaClub](http://www.facebook.com/SalaGarufaClub)

xoves 28 ás 22.30h.: **LOS MECÁNICOS**. Entrada: 8€/10€

venres 29 ás 22.30 h.: **NIKO CHONA & THE FRESHTONES**. Entrada 8€/10€

sabado 30 ás 22.00 h.: **GANSOS ROSAS**. Entrada 13€/15€

domingo 31 ás 19.00 h.: **ROCK SCHOOL**. Concierto Alumnos.

**A Repichoca.** R/ Orillamar, 13 (15002 – A Coruña).

[www.facebook.com/arepichoca.orillamar](http://www.facebook.com/arepichoca.orillamar)

venres 29 ás 22.00 h.: **FOLERPA DE SON**. Entradas: gratis

**Jazz Filloa.** R/ Cega, s/n (15003 – A Coruña)

[www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club](http://www.facebook.com/Filloa-Jazz-Club)

venres 29, pasas ás 22.00 e 23.00 h.: **ADN**.

Entrada: 10€

**Playa Club.** Plataforma de Riazor s/n (15011 - A Coruña)

<http://playaclub.club/programacion>

venres 29 ás 23.00 h.: **FERNANDO COSTA**.

Entradas: desde 13,20€

**Sala Bunker.** Praza da Cormelana, 10 (15003 – A Coruña)

[www.facebook.com/bunkerclub](http://www.facebook.com/bunkerclub)

xoves 28 ás 21.30 h.: **ZETAZEN**. Entrada:

14,50€


**Sala LeClub.** R/ Rey Abdulah, 13 (15004 – A Coruña)

[www.facebook.com/salaleclub](http://www.facebook.com/salaleclub)

venres 29 ás 21.00 h.: **ADRIANFE & LOS MERCENARIOS**. Entradas: 5€

sábado 30 ás 22.00 h.: **VINTAGE GARDEN + THE CARALLANS**. Entradas: 5€





## BOLSAS

### Campus Científicos de Verán

A Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía e o Ministerio de Educación e Formación Profesional convocan ata 1560 axudas para participar, durante o ano 2019, no Programa "Campus Científicos de Verán" para alumnado de Ensino Secundario e Bacharelato.

Os Campus desenvolveranse en institutos e/ou departamentos de investigación adscritos aos Campus de Excelencia Internacional (CEI) ou Rexional (CER), nas seguintes universidades:

Universidade Autónoma de Madrid, Universidade de Castela-A Mancha, Universidade de Extremadura, Universidade de Granada, Universidade de Xaén, Universidade de Las Palmas de Gran Canaria, Universidade de León, Universidade de Málaga, Universidade de Murcia, Universidade de Oviedo, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Valencia/Universidade Politécnica de Valencia, Universidade de Vigo

**CANDO:** do 30 de xuño ao 27 de xullo de 2019, en quendas de 7 días de duración, de domingo pola tarde a sábado ao mediodía, segundo o seguinte calendario:

- 1ª quenda de estudantes de 1º de Bacharelato: do 30 de xuño ao 6 de xullo
- 2ª quenda de estudantes de 1º de Bacharelato: do 7 ao 13 de xullo
- 1ª quenda de estudantes de 4º de ESO: do 14 ao 20 de xullo
- 2ª quenda de estudantes de 4º de ESO: do 21 ao 27 de xullo.

**INSCRICIÓNS:** ata o 1 de abril de 2019 ás 13:00 h. mediante o formulario accesible a través da web [www.campuscientificos.es](http://www.campuscientificos.es)

#### REQUISITOS:

- Estar a cursar, no ano académico 2018-2019 ensinos de primeiro curso de Bacharelato da modalidade de Ciencias, ou cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria na opción de ensinos académicos cursando as materias troncais de "bioloxía e xeoloxía" e "física e química" ou na opción de ensinanzas aplicadas cursando as materias troncais de "ciencias aplicadas á actividade profesional" e "tecnoloxía", do sistema educativo español.
- Ter nacido con posterioridade ao 31 de decembro de 2001.
- Non ter sido adxudicatario/a dunha axuda, participando nun proxecto, en edicións anteriores do Programa Campus Científico de Verán.
- Ter obtido unha nota media igual ou superior a 8,5 puntos nos estudos cursados no ano escolar 2017-2018.
- Estar situado/a nun lugar de orde de prelación de solicitudes que lle permita a obtención dunha das axudas convocadas.

#### DOTACIÓN:

- Quen resulte beneficiario/a da axuda poderá participar, nunhas das quendas/campus, no desenvolvemento e na posta en práctica dun dos proxectos ofertados.
- A obtención da axuda comportará a cobertura dos gastos inherentes á participación no proxecto adxudicado, con excepción do traslado desde os seus lugares de orixe ata o Campus asignado que será por conta dos/as adxudicatarios/as das axudas.

**PREZO:** as persoas que obteñan praza, deberán aboar a cantidade de 85 €, en concepto de matriculación.

#### MÁIS INFORMACIÓN:

**Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía**

R/ Pintor Velázquez, 5 (28100 – Alcobendas, Madrid)

correo-e: [informacion@campuscientificos.es](mailto:informacion@campuscientificos.es)

Web: [www.campuscientificos.es](http://www.campuscientificos.es)

#### PUBLICACIÓN:

[BOE 18/03/2019](http://BOE-18/03/2019) (extracto)

Base de Datos Nacional de Subvencións:

[BDNS\(Identif.\): 443740](http://BDNS(Identif.):443740)

**CAMPUS CIENTÍFICOS DE VERANO 2019**

¡VIVE LA CIENCIA!

## Campus Científicos de Verán: High-School Students Internships Programme

A Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía e o Ministerio de Educación e Formación Profesional convocan unha nova edición dos Campus Científicos de Verán, o "High-School Students Internship Programme (HSSIP)" e, como novidade nesta edición, 20 estudantes de 4º de ESO poderán realizar unha estancia no CERN, a Organización Europea para a Investigación Nuclear en Xenebra (Suíza)

**CANDO:** entre o 29 de setembro e o 12 de outubro de 2019

**INSCRICIÓNS:** ata o 1 de abril de 2019 ás 13:00 h. mediante o formulario accesible a través da web [www.campuscientificos.es](http://www.campuscientificos.es)

### REQUISITOS:

- Estar a cursar, no ano académico 2018-2019 cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria na opción de ensinos académicos cursando as materias troncais de "bioloxía e xeoloxía" e "física e química" ou na opción de ensinanzas aplicadas cursando as materias troncais de "ciencias aplicadas á actividade profesional" e "tecnoloxía", do sistema educativo español.
- Ter cumpridos 16 anos con anterioridade á data de inicio do desenvolvemento do programa, 29 de setembro de 2019.
- Ter obtido unha nota media de 10,00 puntos nos estudos cursados no ano escolar 2017-2018.
- Estar en posesión de titulación ou certificación de, polo menos, Nivel B1 de inglés, conforme á escala establecida no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER).
- Estar situado/a nun lugar de orde de prelación de solicitudes que permita a obtención dunha das prazas do programa HSSIP.

### DOTACIÓN:

- Ata 500 CHF (francos suízos) por axuda en concepto de viaxes, incluíndo ida e volta
- Aloxamento en habitación dobre, nas instalacións do CERN en Xenebra
- Ata 36 CHF para manutención por persoa e día, mediante vales de comida ou documento similar
- Pase/tarxeta do transporte público de Xenebra, durante as dúas semanas de duración do programa
- Materiais para o desenvolvemento do programa
- Actividades complementarias

### MÁIS INFORMACIÓN:

**Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía**

R/ Pintor Velázquez, 5 (28100 – Alcobendas, Madrid)

Correo-e: [informacion@campuscientificos.es](mailto:informacion@campuscientificos.es)

Web: [www.campuscientificos.es](http://www.campuscientificos.es)

### PUBLICACIÓN:

[BOE 18/03/2019](http://BOE-18-03-2019)

Base de Datos Nacional de

Subvencións:

[BDNS \(Identif.\):443740](http://BDNS-Identif-443740)

**CAMPUS CIENTÍFICOS DE VERANO 2019**

¡VIVE LA CIENCIA!

**CURSOS****Obradoiro de xilografía japonesa (Mokuhanga)**

O Museo de Belas Artes da Coruña organiza, en colaboración coa Asociación de Amigos do Museo e o Concello da Coruña, un obradoiro de xilografía xaponesa (moku-hanga), unha técnica de gravado tradicional que ten a súa orixe en China e que ofrece moitas variantes nos resultados que permiten efectos e texturas imposibles ou moi difíciles de conseguir con outro tipo de técnicas

Monitor: Yuta Konno

**CANDO:** do 4 ao 13 de abril de 2019, os xoves, venres e sábados

**HORARIO:** os xoves e venres de 16:30 a 20:00 h e os sábados de 10:30 a 14:00 h

**PREZO:** 45 € (amigos museo 40 €)

**REQUISITOS:** inscrición previa (prazas limitadas)

**LUGAR / INFORMACIÓN:**

**Museo de Belas Artes da Coruña**

R/ Zalaeta s/n (15002 - A Coruña)

Tel.: 881 881 700

correo-e: [mu.belas.artes.coruna@xunta.es](mailto:mu.belas.artes.coruna@xunta.es)

Web:

<http://museobelasartescoruna.xunta.gal>

**Jams abertas de movemento en Normal**

NORMAL Espazo de Intervención Cultural da UDC organiza os segundos venres de cada mes, desde abril a xullo, jams abertas destinadas a todas as persoas interesadas no movemento, na danza, na creatividade, no corpo-mente, na arte, na exploración persoal, na música...

En principio, a 1ª parte da jam será sen música (silent jam) e paulatinamente irase introducindo música para a 2ª parte.

**CANDO:** 12 de abril, 10 de maio, 14 de xuño e 12 de xullo de 2019

*\*adicionalmente, para xullo hai prevista unha jam especial, con música en directo*

**HORARIO:** de 19:00 a 21:30 horas.

**LUGAR:** Aula de Danza de NORMAL

**PREZO:** a asistencia é gratuíta e non require inscrición previa

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**NORMAL, Espazo de Intervención cultural da UDC**

Paseo de Ronda 47 (15011 - A Coruña)

Tel.: 881 01 45 02 (mañás) - 881 014 514 (tardes)

correo-e: [normal@udc.gal](mailto:normal@udc.gal)

[www.facebook.com/istoenormal](http://www.facebook.com/istoenormal)

Web: <http://istoenormal.org>



**CONCURSOS****XIV Premio "Castelao" de Banda Deseñada**

Tendo en conta a significación do colectivo que traballa na creación en banda deseñada en Galicia, que é considerado o máis importante do panorama estatal, a Deputación da Coruña, convoca o Premio "Castelao" de Banda Deseñada.

**INSCRIPCIÓNS:** ata o 05/04/2019

**REQUISITOS:**


- Poderán participar todas as persoas, maiores de idade, que non fosen premiadas con este premio nos 5 anos anteriores a este, e que presenten narracións en banda deseñada escritas en lingua galega, inéditas e non premiadas en ningún outro premio ou certame.
- As obras poderán ser escritas e debuxadas, cada unha delas, por un máximo de 2 persoas autoras (unha como guionista e outra como debuxante)
- Establécense 2 modalidades de participación: a) Modalidade Xeral (obras dirixidas a todo tipo de lectores. b) Modalidade LIX (obras dirixidas a público infantil e xuvenil). As obras unicamente poderán presentarse a unha das 2 categorías.
- A temática das obras será libre e poderá tratarse dunha historia única ou dun conxunto de historias. O traballo será presentado por duplicado e en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados, da seguinte forma:
  - O libro terá que estar rematado, tanto en guión como en debuxo.
  - O formato deberá ser de mancha 26 x 19 cm, ou proporcional.
  - O tamaño dos orixinais: mínimo DIN A4 e máximo DIN A3. No caso de que a maiores o traballo se presente en soporte dixital, deberá figurar a tamaño final (26 x 29 cm) e en resolución de 300 ppp para color, 400 ppp para grises, ou 600 ppp para branco e negro, en soporte CD e formato TIFF.
  - A extensión mínima será de 48 páxinas.

**PREMIOS:** establécense 2 premios de 6.500 €, un para cada categoría.

**MÁIS INFORMACIÓN:**

Deputación Provincial da Coruña  
Avenida Porto da Coruña, 2 (15003 - A Coruña)  
Tel.: 981 080 319  
correo-e: [deputacion@dacoruna.gal](mailto:deputacion@dacoruna.gal)  
Web: [www.dacoruna.gal/cultura/premios](http://www.dacoruna.gal/cultura/premios)

Publicación: [BOP 15-03-2019](#)



## Probas para a obtención dos certificados Celga, 2019

A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, convoca as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2019.

**CANDO:** as probas dos distintos niveis Celga terán lugar no mes de **xuño** de 2019.

*\*as datas concretas, sedes e horarios serán publicitadas na web da S.X. de Política Lingüística*

**INSCRIPCIÓNS:** ata o 25/04/2019

**LUGAR:** as localidades onde se van realizar as probas e niveis son:

- **Santiago de Compostela:** Celga 1 - Celga 2 - Celga 3 - Celga 4
- **Ponferrada:** Celga 2 - Celga 3 - Celga 4

**REQUISITOS:**

- Maiores de 16 anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiros

**PREZO:** 16,19 €, de importe de inscrición nas probas Celga

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Secretaría Xeral de Política Lingüística**

Praza Luís Seoane, s/n. (15008 A Coruña)

Tel.: 981 184 701

Web: [www.lingua.gal](http://www.lingua.gal)

*Sede electrónica: [procedemento PL500C](#)*

**Publicación:** [DOG 25/03/2019](#)



## Coworking "Emprendemento musical"

A Fundación Paideia, en colaboración coa EOI pon en marcha este programa dirixido a músicos/as emprendedores/as que queiran elaborar o plan de negocio dos seus proxectos artísticos, así como de ser capaces de definir e avaliar con éxito o modelo máis axeitado para cada tipoloxía de proxecto.

O obxectivo é formar a persoas interesadas en aptitudes e coñecementos específicos para poder organizar calquera tipo de proxecto musical, así como adquirir o coñecemento dos requisitos legais e fiscais para o seu desenvolvemento.

Programa:

- BLOQUE 1: 1.1 O Mánager - 1.2 Produción musical - 1.3 Aspectos legais e xurídicos
- BLOQUE 2: 2.1 Business Design I - 2.2 Business Design II
- BLOQUE 3: 3.1 Artistas, salas e festivais: conectar coa música en vivo - 3.2 Necesidades e aspectos técnicos para ter en conta na produción do espectáculo.
- BLOQUE 4: 4.1 O selo discográfico
- BLOQUE 5: 5.1 Customer development I: Validación do problema - 5.2 Customer development II: Validación da solución
- BLOQUE 6: 6.1 Ingresos de compra ou reprodución en plataformas dixitais - 6.2 Monetización do espectáculo en vivo
- BLOQUE 7: 7.1 Márketing dixital aplicado á música - 7.2 Tecnoloxía blockchain na industria musical
- BLOQUE 8: 8.1 Comunicación verbal
- BLOQUE 9: Titorías individualizadas/prácticas (40 horas)
- DEMODAY

**CANDO:** do 05/04/2019 ao 28/06/2019

**LUGAR:** **Centro MANS-Paideia**

5ª Avenida, 91-Polígono de Pocomaco (A Coruña)

**PREZO:** gratuito

**MÁIS INFORMACIÓN:**

**Fundación Paideia**

Tel.: 981 910 100

correo-e: [coworkingmusical@paideia.es](mailto:coworkingmusical@paideia.es)

Web: [www.paideia.es/formacion-emprendimiento-musical](http://www.paideia.es/formacion-emprendimiento-musical)

